

**MEMORIA PARA O PROGRAMA  
CONXUNTO DE ESTUDOS  
OFICIAIS DO GRAO (PCEO) DO  
GRAO EN ADMINISTRACIÓN E  
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E O  
GRAO EN INFORMÁTICA  
(Campus de Ourense)**

Aprobada en Xunta de Centro o  
23/11/2015

Aprobado en Consello de Goberno o  
22/07/2016

## **Preámbulo**

A Universidade do Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/ha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Informática e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Escola Superior de Enxeñaría Informática e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais.

A simultaneidade (programa conxunto) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Informática regularanse, como todos os plans conxuntos da Universidade de Vigo pola **NORMATIVA DE PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO** (aprobada no Consello de Goberno de 23 de Xuño de 2015).

No obstante, a normativa xeral esixe en cada caso a concreción e o desenvolvemento de algúns aspectos por parte dos Centros que colaboran na impartición do programa. A seguinte normativa, respetando escrupulosamente os contidos da xeral, supón unha concreción e desenvolvemento dos contidos daquela.

### ***Artigo 1. Autorización do programa***

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU) e pola Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) que permite simultanear os estudos de Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e os estudos de Grao en Enxeñaría Informática (EI) mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

### ***Artigo 2. Titulacións que se obterán***

O alumnado que supere o PCEO ADE – EI obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas e Graduada/o en Enxeñaría Informática pola Universidade de Vigo.

### ***Artigo 3. Duración do programa***

Terá unha duración de doce cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 384 ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

#### ***Artigo 4. Centro responsable do programa***

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante así como para a tramitación das bolsas do alumnado, acórdase designar á ESEI como centro responsable da súa tramitación e custodia, sen prexuízo do disposto no artigo 8 da Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Cada un dos dous centros ofrece dentro dos seus respectivos Graos prácticas externas ás que poden acceder os estudantes do PCEO; cada un dos dous centros responsabilizárase da xestión do seu propio programa de prácticas externas e do seu programa de intercambio; no caso en que o estudante desexe facer un programa de intercambio con materias de ambos centros, o decanato responsable da xestión administrativa do PCEO, encargárase do proceso.

#### ***Artigo 5. Centro de impartición do ensino***

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e na Escola Superior de Enxeñaría Informática, segundo as materias recollidas no Anexo I.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudiantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa a súa integración na vida de cada Centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

#### ***Artigo 6. Coordinación do PCEO***

A coordinación do PCEO corresponderá conxuntamente os/as Coordinadores/as do Grao en ADE e do Grado en EI, salvo que o/a Decano/a da FCETOU e o/a Director/a da ESEI decidan delegar nun vicedecano/a ou subdirector/a por parte de cada centro.

Ademais establecerase un órgano coordinador que estará formado por as persoas titulares dos decanatos e as/os coordinadoras/es dos respectivos graos de ambos centros; esta comisión, cando existan dificultades na coordinación do PCEO que o fagan convinte, reunirse a instancias de calquera dos dous decanatos.

### ***Artigo 7. Número de estudantes***

Para o curso académico 2015/2016 ofértanse 20 prazas. O 50 % destas prazas detraeranse das prazas correspondentes á oferta do grao en ADE e o 50 % das prazas correspondentes á oferta do grao en EI. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprrobe o Consello de Goberno.

### ***Art. 8. Admisión de estudantes***

1. A admisión de estudantes farase conforme á Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo .
2. De forma excepcional, cada ano un máximo de dous estudantes matriculados no grao en Enxeñaría Informática e outros dous matriculados no grao en ADE poderán incorporarse ao PCEO; soamente serán admitidas solicitudes de estudantes cuxa nota media no grao de orixe sexa igual ou superior a 7 puntos sobre 10. En caso de haber mais solicitudes que prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

### ***Art. 9. Traslado de expediente e cambios de centro.***

1. Os traslados de expedientes e cambios de centro regúlanse pola Normativa xeral aplicable a programas conxuntos de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
2. Os estudantes do programa conxunto que o desexen poderán solicitar o seu traslado a outra Universidade para facer o mesmo PCEO.
3. Cada ano poderá admitirse ata un máximo de 2 estudantes procedentes de programas conxuntos ADE-Informática doutras Universidades; en caso de haber mais solicitudes que prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

### ***Artigo 10. Recoñecementos específicos para estudantes do Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao ADE-EI***

1. Ao alumnado que curse o Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao ADE-EI recoñeceránselle os créditos das materias optativas dos graos polos créditos das materias obrigatorias que constan no ANEXO II desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materia obrigatorias.
2. O recoñecemento realizarase polo decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do estudante, logo de ser revisada pola

administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plano de estudos do Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao ADE-EI, agás os dos traballos de fin de grao.

3. O Recoñecemento de créditos para titulacións en formación profesional de grao superior, segundo o establecido no Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios, soamente terá lugar, a elección do/a estudante, nun dos graos obxecto deste programa.

#### ***Artigo 11. Normativa***

Esta memoria así como as cuestións non recollidas na presente memoria, debe rexerse polo establecido na Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno de 23 de xuño de 2015.

#### **Disposición derogatoria.**

Queda derogada a anterior normativa reguladora do PCEO ADE-Informática, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade o día 12 de febreiro de 2014.

#### **Disposición Final.**

Una vez aprobada, esta normativa entrará en vigor ao día seguinte de súa publicación no taboleiro de anuncios oficial correspondente.

## ANEXO I

### PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

#### PRIMEIRO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Física: Sistemas Dixitais (1º, 1s)	Matemáticas: Fundamento s Matemáticos para a Informática (1º, 1s)	Derecho: Fundamento s Éticos y Jurídicos de las TIC (1º, 1s)	Informática: Programación I (1º, 1s)	Matemáticas: Estatística (2º, 1s)	
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Xestión de Empresas (1º, 2s)	Economía Española e Mundial (1º, 2s)	Matemáticas Financeiras (1º, 2s)	Políticas Económicas (1º, 2s)	Dereito Mercantil (1º, 2s)	Macroeconomía (2º, 2s)

#### SEGUNDO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Microeconomía a 9 ECTS (1º, 1s)	Contabilidade Financeira I (2º, 1s)	Matemáticas 9 ECTS (1º, 1s)	Econometría (2º, 1s)		
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Informática: Algoritmos e Estruturas de Datos I (1º, 2s)	Informática: Arquitectura de Computadoras I (1º, 2s)	Matemáticas: Álgebra Lineal (1º, 1s)	Programación II (1º, 2s)	Bases de Datos I (2º, 2s)	Dirección e Xestión de Proxectos (3º, 2s)

#### TERCEIRO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Algoritmos e Estruturas de Datos II (2º, 1s)	Arquitectura de Computadoras II (2º, 1s)	Sistemas Operativos (2º, 1s)	Enxeñería do Software I (2º, 1s)	Interfaces de Usuario (3º, 1s)	Bases de Datos II (3º, 1s)
SEGUNDO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Contabilidade e Financeira 2 (2º, 2s)	Decisións de Inversión (2º, 2s)	Dirección Comercial 1 (2º, 2s)	Dirección Estratéxica Internacional (3º, 2s)	Valoración de Activos (3º, 2s)	

CUARTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Dirección de Operacións 9 ECTS (2º, 1s)	Dirección de RRHH 9 ECTS (2º, 1s)	Dirección Estratéxica (3º, 1s)	Teoría da Organización (3º, 1s)		
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Enxeñaría do software II (2º, 2s)	Sistemas Operativos II (2º, 2s)	Arquitecturas Paralelas (2º, 2s)	Redes de Computadoras II (2º, 2s)	Sistemas Intelixentes (3º, 2s)	Técnicas de Comunicación e Liderado (4º, 2s)

QUINTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Lóxica para a Computación (3º, 1s)	Centros de Datos (3º, 2s)	Seguridade en Sistemas Informáticos (4º, 1s)	Redes de Computadoras II (3º, 1s)	Aprendizaxe Baseado en Proxectos (4º, 1s)	
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Teoría de Autómatas e Linguaxes Formais (3º, 2s)	Concorrencia e Distribución (3º, 2s)	Hardware de Aplicacións Específicas (3º, 1s)	Análise Contable 9 ECTS (3º, 2s)	Contabilidade de Custos 9 ECTS (3º, 2s)	

SEXTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS)	Decisións de Financiamento (3º, 1s)	Dirección Comercial 2 (3º, 1s)	Réxime Fiscal (3º, 1s)	Planificación Financeira (4º, 1s)	Investigación Comercial (4º, 1s)
SEGUNDO CUADRIMESTRE (24 ECTS)	Traballo de Fin de Grao - ADE 12 ECTS	Traballo de Fin de Grao - Informática 12 ECTS			

## ANEXO II

A) Os créditos das materias optativas do Grao en ADE reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes materias obrigatorias do Grao en Enxeñería Informática (36 ECTS):

- Bases de datos I
- Bases de datos II
- Dirección e xestión de proxectos
- Seguridade en sistemas informáticos
- Aprendizaxe baseado en proxectos
- Técnicas de comunicación e liderado

B) Os créditos das materias optativas do Grao en Enxeñería Informática reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes materias obrigatorias do Grao en ADE (30 ECTS):

- Dirección Estratéxica
- Dirección de RRHH
- Teoría da Organización
- Dirección de Operacións